

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020261	Terra de Turonio	Gondomar	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1338	Guía no medio natural acuático	2023/2024	5	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBERTO RODRÍGUEZ SALAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación está elaborada para o módulo de GUÍA NO MEDIO NATURAL ACUÁTICO, pertencente ao Ciclo MEDIO DE GUÍA NO MEDIO NATURAL E DE TEMPO LIBRE tomando como referencia o Real Decreto 402/2020 publicado no BOE o 27 de febreiro do 2020, correspondente ao título de Técnico/a de guía no medio natural e de tempo libre, da Familia Profesional ACTIVIDADES FÍSICAS Y DEPORTIVAS, cunha duración de 2.000 horas.

Todos os contidos e actividades de ensinanza- aprendizaxe especificados en dita programación, van encamiñados a que o alumnado, futuros/as técnicos/as, obteñan a cualificación profesional necesaria para organizar itinerarios, guiar grupos e supervisar as diferentes modalidades náuticas máis coñecidas e accesibles dentro das actividades de lecer. Para iso o alumnado deberá progresar de xeito seguro para, posteriormente, proporcionar aos participantes a mellor atención posible en canto a calidade, seguridade e diversión. Así pois, ao longo do módulo, os estudantes deberán coñecer, relacionar, practicar e desenvolver, todas esas actividades que lles permitan, o día de mañá, asegurar a atención ante as posibles incidencias, realizar as accións oportunas para manter o respecto polo medio ambiente, dar a coñecer o valor dos elementos naturais e culturais da contorna, dinamizar con éxito a actividade e, por suposto, adaptala ás características específicas do grupo.

O ámbito de traballo que abrangue este módulo capacitará ao alumno a desenvolver tarefas relacionadas coas actividades náuticas tanto de xeito recreativo, como de turismo activo ou deportivo, e tamén nas áreas de organización, desenvolvemento, dinamización, seguimento e avaliación desas actividades

A actividade profesional poderá ser realizada tanto de forma autónoma como contratada, no ámbito público (ben sexa administración xeral, autonómica ou local) e no ámbito privado, e tamén en grandes, medianas ou pequenas empresas de servizos que estean vinculadas aos sectores produtivos do deporte, turismo, lecer e tempo libre.

Así pois, o módulo determinará un perfil profesional que permitirá que o alumnado estea capacitado para o traballo como deseñador de itinerarios en diferentes tipos de embarcacións e por diferentes tipos de augas. Tamén estará capacitado para o traballo como organizador, dinamizador e guía deses itinerarios, así como para levar a cabo pequenas operacións de mantemento e reparación dos equipamentos e das instalacións empregadas no seu desenvolvemento, tales como albergues, campamentos ou clubs privados.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciación ás actividades náuticas	Nesta unidade o alumnado aprenderá os aspectos máis básicos relacionados coas actividades náuticas, dende o vocabulario e os conceptos elementais das diferentes modalidades ata o manexo dos diferentes tipos de embarcacións axeitadas para iniciación, pasando, por suposto, polos principios básicos de seguridade, climatoloxía e preparación das actividades.	84	66
2	Progresión e consolidación en actividades náuticas	Ao longo desta unidade, o alumnado evolucionará mellorando no manexo das embarcacións elementais, traballará en embarcacións máis complexas, probará modalidades de maior dificultade técnica, ampliará coñecementos relativos á organización, planificación e realización de actividades e completará a súa formación con aspectos relacionados coa prevención, seguridade e rescate nas actividades náuticas.	42	34

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciación ás actividades náuticas	84

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas no medio natural acuático, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	SI
RA2 - Prepara a embarcación, seguindo os procedementos para asegurar o bo estado e a funcionalidade dos elementos e dos compoñentes desta	NO
RA3 - Aplica as técnicas de navegación e adáptaaas ás condicións meteorolóxicas e ás características do medio	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recolleuse a información sobre a navegabilidade, a dificultade e a duración prevista da ruta
CA1.2 Determináronse os recursos materiais e humanos necesarios na preparación de actividades por itinerarios no medio natural acuático
CA1.3 Seleccionouse a embarcación e o material necesario para a ruta
CA1.4 Seleccionouse o material persoal de seguridade
CA1.5 Planificáronse as manobras posibles para a navegación e establecéronse os puntos ou as manobras de reunión do grupo e de descanso
CA1.6 Determináronse as medidas necesarias para previr e resolver situacións de perigo durante o desenvolvemento do itinerario no medio natural acuático
CA1.7 Planificáronse os medios necesarios para atender continxencias desde a auga ou desde terra
CA1.8 Aplícase a normativa relacionada coa práctica de actividades no medio natural e coa protección ambiental na preparación de itinerarios no medio natural acuático

Criterios de avaliación
CA2.1 Transportouse e fondeouse a embarcación evitando deterioracións nela, atendendo a criterios de seguridade persoal
CA2.2 Aparellouse e desaparellouse a embarcación, e comprobouse o bo estado e o funcionamento de todas as súas partes
CA2.3 Verificouse o estado dos compoñentes e dos elementos da embarcación
CA2.6 Organizáronse os espazos na embarcación, para as persoas participantes e para a carga que se deba transportar
CA2.7 Almacenouse a embarcación evitando deterioracións nela, atendendo a criterios de seguridade persoal
CA3.1 Explicáronse e demostráronse as técnicas de navegación básicas que se deben realizar nas diferentes condicións de navegabilidade
CA3.2 Realizáronse manobras para manter o rumbo de navegación en función da dirección do vento, do caudal, da ondada, da corrente ou da dificultade do tramo
CA3.3 Gobernouse a embarcación realizando as manobras para o cambio de rumbo

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Selección do itinerario. Anotacións, guías e outras fontes de información sobre itinerarios no medio natural acuático. Obxectivos da ruta. Paradas e duración das fases.</p> <p>Coidados e mantemento do material de seguridade e de axuda á navegación.</p> <p>Normativa aplicable á actividade. Normativa estatal e autonómica. Cuncas hidrográficas. Autorizacións de acceso. Normas de protección do ambiente.</p> <p>Verificación de itinerarios: fases, estimación temporal, valoración técnica dos tramos, accesos, plans alternativos e actividades complementarias. Adaptación do itinerario ás características das persoas usuarias. Adaptacións para persoas con diversidade funcional.</p> <p>Revisión do parte meteorolóxico.</p> <p>Características dos espazos acuáticos e a súa relación coa navegabilidade.</p> <p>Análise de actividades no medio natural acuático de Galicia.</p> <p>Xestión de recursos para as actividades de guía no medio acuático: loxística, transporte de materiais e participantes, servizos complementarios, e medios materiais. Instalacións necesarias antes e despois da actividade.</p> <p>Tipos de embarcacións. Características e idoneidade para cada tipo de actividade.</p> <p>Material para rutas no medio natural acuático. Equipamento persoal e colectivo. Elementos de seguridade persoal e de axuda á navegación. Normas de uso. Material para actividades de varios días. Avituallamento.</p>

Contidos
<p>Características da embarcación e dos materiais.</p> <p>Normas de seguridade no manexo en terra de embarcacións.</p> <p>Compoñentes e elementos dos aparellos da embarcación. Procedementos de aparello e desapele das embarcacións. Embarcacións de vela.</p> <p>Compoñentes e elementos das embarcacións propulsadas por pas ou aletas.</p> <p>Navegabilidade e manobrabilidade específica.</p> <p>Mantemento preventivo e operativo de embarcacións. Coidados preventivos. Diagnóstico de deterioración ou avarías. Reparacións básicas e de emerxencia nos diferentes tipos de embarcacións.</p> <p>Análise do tramo de navegación e dos elementos físicos do contorno (dinámica fluvial, ventos, ondas e correntes). Propulsión e resistencia ao avance.</p> <p>Accións técnicas fundamentais con embarcacións propulsadas por pas ou aletas (padexo, padexo circular, tracción orientada, freada, retropadexo circular, control diante, temón de popa, controis e padexos desbordantes, traccións laterais, tracción de control e accións equilibradoras).</p> <p>Accións técnicas fundamentais con embarcacións de vela (cazar, amollar, orzar e arribar). Relación das técnicas coas condicións de vento. Trimado de velas.</p> <p>Utilización das accións técnicas en función da dificultade. Equilibrio, propulsión e conducción.</p> <p>Manobras e traxectorias con embarcacións propulsadas por pas ou aletas: saída curta e longa, saída con toma de corrente, cambios de traxectoria, toma de corrente a dereita e esquerda, curtas e longas, parada a dereita e esquerda en contracorrentes de diferente intensidade, ?bacs? a dereita e esquerda, surf nun tren de ondas, navegación en positivo e en negativo, esquimotaxe e recuperación da embarcación.</p> <p>Manobras e traxectorias con embarcacións de vela: atraque e desatraque, parada e arrancada, saída e aproximación co vento a favor e en contra, viraxe por diante e en redondo.</p>

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Progresión e consolidación en actividades náuticas	42

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara os equipamentos e os recursos para rutas no medio natural acuático, seguindo os procedementos, para comprobar o bo estado e a funcionalidade destes	SI
RA2 - Prepara a embarcación, seguindo os procedementos para asegurar o bo estado e a funcionalidade dos elementos e dos compoñentes desta	SI
RA3 - Aplica as técnicas de navegación e adaptaas ás condicións meteorolóxicas e ás características do medio	NO
RA4 - Aplica técnicas de guía de grupos por un itinerario no medio natural acuático, adaptándose aos perfís das persoas usuarias, ao medio e aos recursos	SI
RA5 - Aplica técnicas de rescate e evacuación no medio natural acuático, seguindo os protocolos dos plans de seguridade e emerxencia	SI

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Avalía as rutas no medio natural acuático, analizando os datos compilados	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recolleuse a información sobre a navegabilidade, a dificultade e a duración prevista da ruta
CA1.2 Determináronse os recursos materiais e humanos necesarios na preparación de actividades por itinerarios no medio natural acuático
CA1.3 Seleccioneuse a embarcación e o material necesario para a ruta
CA1.4 Seleccioneuse o material persoal de seguridade
CA1.5 Planificáronse as manobras posibles para a navegación e establecéronse os puntos ou as manobras de reunión do grupo e de descanso
CA1.6 Determináronse as medidas necesarias para previr e resolver situacións de perigo durante o desenvolvemento do itinerario no medio natural acuático
CA1.7 Planificáronse os medios necesarios para atender continxencias desde a auga ou desde terra
CA1.8 Aplícase a normativa relacionada coa práctica de actividades no medio natural e coa protección ambiental na preparación de itinerarios no medio natural acuático
CA2.1 Transporteuse e fondeouse a embarcación evitando deterioracións nela, atendendo a criterios de seguridade persoal
CA2.2 Aparellouse e desaparellouse a embarcación, e comprobouse o bo estado e o funcionamento de todas as súas partes
CA2.3 Verificouse o estado dos compoñentes e dos elementos da embarcación
CA2.4 Identificáronse avarías e os niveis de deterioración nos compoñentes e nos aparellos das embarcacións
CA2.5 Efectuáronse as reparacións básicas nas embarcacións para asegurar a realización da actividade en condicións de seguridade
CA2.6 Organizáronse os espazos na embarcación, para as persoas participantes e para a carga que se deba transportar

Criterios de avaliación
CA2.7 Almacenouse a embarcación evitando deterioracións nela, atendendo a criterios de seguridade persoal
CA3.2 Realizáronse manobras para manter o rumbo de navegación en función da dirección do vento, do caudal, da ondada, da corrente ou da dificultade do tramo
CA3.3 Gobernouse a embarcación realizando as manobras para o cambio de rumbo
CA3.4 Adaptouse a técnica de navegación ás características das persoas participantes, do medio e da actividade
CA3.5 Realizáronse itinerarios alternativos ante tramos con dificultade e perigo, seguindo criterios de seguridade
CA4.1 Aplicáronse procedementos de valoración do dominio técnico na progresión polo medio natural acuático en embarcacións propulsadas por pas ou aletas
CA4.2 Aplicáronse procedementos de valoración do dominio técnico na progresión polo medio natural acuático en embarcacións de vela lixeira
CA4.3 Proporcionouse información sobre as características e os puntos de interese do itinerario, sobre o uso do material e sobre as normas de actuación relacionadas coa seguridade e co respecto polo medio natural
CA4.4 Expuxéronse as instrucións necesarias para que as persoas participantes gobernen ou contribúan a gobernar a embarcación
CA4.5 Simuláronse as axudas ás persoas participantes que presenten algunha dificultade técnica, na progresión pola ruta
CA4.6 Simuláronse axudas ás persoas participantes con diversidade funcional
CA4.7 Seleccionáronse os aparellos de comunicación máis adecuados en función da zona
CA4.8 Especificáronse as medidas que cómpre adoptar ante síntomas de fatiga, insolación, deshidratación ou condutas de risco das persoas participantes
CA5.1 Simuláronse as adaptacións ao medio en caso de fenómenos atmosféricos perigosos
CA5.2 Identificáronse os puntos de desembarque ao longo da ruta
CA5.3 Demostráronse as técnicas de aproximación e evacuación en caso de accidente
CA5.4 Realizáronse as manobras de desensorcadura e rescate no medio natural acuático
CA5.5 Utilizáronse os sistemas de rescate asistido ou de autorrescate máis adecuados á situación

Criterios de avaliación
CA5.6 Realizáronse as manobras de rescate desde a embarcación, garantindo a seguridade da persoa accidentada e do grupo
CA6.1 Recolléronse datos sobre a actuación do/da guía e sobre as reaccións do grupo na actividade
CA6.2 Rexistráronse as incidencias relativas á actividade, á seguridade e aos tempos previstos
CA6.3 Marcáronse as pautas que cómpre seguir ante posibles condutas temerarias durante a actividade
CA6.4 Analizouse a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados nas rutas
CA6.5 Propuxéronse medidas correctoras dos desaxustes detectados na ruta
CA6.6 Elaborouse un informe sobre a actividade realizada
CA6.7 Rexistráronse documentalmente rutas susceptibles de seren utilizadas por outras persoas usuarias ou técnicas

4.2.e) Contidos

Contidos
Selección do itinerario. Anotacións, guías e outras fontes de información sobre itinerarios no medio natural acuático. Obxectivos da ruta. Paradas e duración das fases.
Consignas técnicas e de seguridade ás persoas usuarias.
Información que cómpre transmitir ás persoas participantes sobre o itinerario.
Recollida de información das persoas participantes: autorizacións e permisos.
Valoración de riscos asociados a unha ruta no medio natural acuático.
Solucións ante incidencias. Previsión de rutas de escape. Servizos de rescate e socorro. Normas de comportamento en situacións de emerxencia en rutas polo medio natural acuático. Factores de risco e medidas preventivas.
Verificación de itinerarios: fases, estimación temporal, valoración técnica dos tramos, accesos, plans alternativos e actividades complementarias. Adaptación do itinerario ás características das persoas usuarias. Adaptacións para persoas con diversidade funcional.
Revisión do parte meteorolóxico.
Almacenamento e transporte do material e das embarcacións.
Material para rutas no medio natural acuático. Equipamento persoal e colectivo. Elementos de seguridade persoal e de axuda á navegación. Normas de uso. Material para actividades de varios días. Avituallamento.

Contidos

Compoñentes e elementos dos aparellos da embarcación. Procedementos de aparello e desapearello das embarcacións. Embarcacións de vela.

Compoñentes e elementos das embarcacións propulsadas por pas ou aletas.

Navegabilidade e manobrabilidade específica.

Idoneidade das embarcacións en función da ruta, das características do medio, do nivel e dos obxectivos da persoa usuaria.

Preparación da embarcación para a ruta. Distribución e suxeición das cargas. Cordame e nós.

Almacenamento de embarcacións. Condicións específicas de almacenamento. Estibación de velas, orza, temón, pau, retranca e cascos. Protección e suxeición das embarcacións e do material.

Transporte e fondeo dos diferentes tipos de embarcacións. Técnicas de suxeición. Seguridade no transporte de embarcacións. Carros de transporte. Tipos de fondeo.

Manobras e traxectorias con embarcacións propulsadas por pas ou aletas: saída curta e longa, saída con toma de corrente, cambios de traxectoria, toma de corrente a dereita e esquerda, curtas e longas, parada a dereita e esquerda en contracorrentes de diferente intensidade, ?bacs? a dereita e esquerda, surf nun tren de ondas, navegación en positivo e en negativo, esquimotaxe e recuperación da embarcación.

Manobras e traxectorias con embarcacións de vela: atraque e desatraque, parada e arrancada, saída e aproximación co vento a favor e en contra, viraxe por avance e en redondo.

Sistemas de axuda á navegación: dispositivos GPS, aplicacións móbiles, compás, anemómetros e cataventos.

Rutas de seguridade alternativas

Adaptación das técnicas de navegación a persoas con limitacións na súa autonomía persoal.

Determinación do nivel de competencia da persoa usuaria. Valoración de navegación: dirección, propulsión e equilibrio. Valoración de seguridade: activa e pasiva. Valoración de manobras: manobra, equipamento de navegación e aparello.

Manobras de axuda a persoas que presenten algunha dificultade técnica na realización da ruta.

Adaptación da condución de persoas ou grupos de persoas con diversidade funcional.

Sistemas de comunicación en contornos naturais. Criterios de utilización.

Niveis de adquisición do dominio técnico. Criterios de valoración. Erros tipo na execución técnica e na aplicación do esforzo.

Técnicas e instrumentos de obtención de datos para a valoración.

Elaboración de fichas de avaliación para embarcacións a vela e fichas para embarcacións propulsadas por pas ou aletas.

Adxudicación, distribución e comprobación do material segundo os perfís das persoas participantes e as condicións ambientais. Material deportivo e de seguridade individual e grupal.

Transmisión de información relevante: consignas técnicas, de seguridade e de motivación. Instrucións durante a actividade. Transmisión de normas e procedementos que compre seguir durante a ruta. Atención especial a persoas con diversidade funcional.

Directrices dos agrupamentos e situación das persoas participantes. Distribución, organización e control do grupo en función da actividade e dos perfís de participantes. Estratexias de control de condutas perigosas das persoas participantes.

Contidos

Procedementos para o control do tempo e das actuacións durante a actividade. Colocación e desprazamento do persoal técnico.

Detección de síntomas de fatiga, insolación e deshidratación, e medidas que se deben tomar fronte a estes.

Desenvorcadura da embarcación.

0Estratexias de apoio ao grupo en situacións de emerxencia desde a embarcación, desde a auga e desde a beira.

Utilización do material específico de seguridade e/ou de rescate. Corda de seguridade: agarre e remolque.

Comunicación entre o persoal rescatador.

Técnicas de extracción de persoas caídas á auga en función das características das persoas usuarias, da embarcación e do medio.

Manobras de rescate desde a beira.

Rescate asistido.

Manobras de autorrescate.

Manobra de home á auga: aproximación, parada e recollida.

Envorcadura e recuperación da embarcación.

Esquimotaxe.

Abandono e entrada na embarcación.

Natación en augas bravas. Entrada no leito, posición de seguridade, saída da corrente, natación a contracorrente.

Intervencións en función da situación do medio, da persoa accidentada e das posibilidades do/da guía.

Compilación de información. Procedementos de toma de datos no desenvolvemento da actividade. Fichas de control de valoración da actividade. Tipos.

Análise da actividade, do grupo e do/da técnico/a, e valoración respecto ao programa.

Documentos de avaliación.

Rexistros acerca dos comportamentos do grupo. Rexistros sobre as actuacións do/da técnico ou guía. Rexistro de incidencias e axuste aos tempos previstos. Incidencias que afectan a seguridade do desenvolvemento das actividades. Estimación do grao de seguridade da actividade.

Adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade guiada polo medio acuático.

Memoria e representación de rutas. Elaboración de informes sobre a actividade. Propostas de medidas correctoras e de melloras na programación. Documentos gráficos da actividade.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

A valoración dos diferentes apartados do módulo seguirá os seguintes criterios:

A asistencia a clases: A asistencia é obrigatoria, dado que se trata dun módulo de carácter práctico no que o dominio das técnicas de traballo e, sobre todo, a práctica das diferentes modalidades náuticas, son imprescindibles para a formación a nivel profesional. É por iso polo que estableceremos un sistema de avaliación diario para incentivar a asistencia e valorar a participación. Deste xeito, a actuación do alumnado será valorada mediante listas de cotexo cada día segundo a seguinte escala:

0. Non asiste ou a participación é negativa
1. A participación está por debaixo do agardado, por non cumprir as normas, non traer o material ou non realizar o traballo axeitadamente,
2. A participación é correcta
3. A participación é excelente, o alumno destaca polo esforzo, interese e aproveitamento da mesma

Ao final do trimestre, a nota será calculada pola suma das valoracións en proporción ao total de prácticas realizadas. A este respecto compre sinalar que algunhas sesións, debido ás súa natureza, poden ser valoradas con máis puntuación, neses caso o alumnado será informado desa situación antes das mesmas. Esa nota final das prácticas resultará o 40% da nota do trimestre.

Parte práctica: A parte procedimental será valorada con táboas de observación elaboradas para os exames de carácter práctico, ben sexa do progreso nas diferentes modalidades náuticas ou do desenvolvemento no guiado de grupos. No caso de varios exames no mesmo trimestre, a nota será a media ponderada en función do peso orientativo asignado a cada parte segundo o establecido na programación no apartado 4.C. A suma dos diferentes apartados das táboas determinará a nota final, que resultará o 20% da nota do trimestre.

Parte teórica: Por último, a parte conceptual será valorada mediante probas escritas e traballos. As probas poderán ser tipo test, de resposta curta ou combinadas, e versarán sobre contidos explicados na aula ou durante a celebración das clases prácticas. Os traballos poderán ser individuais ou grupais, e deberán ser entregados en prazo e cumprir os requisitos indicados. A nota final virá determinada pola calificación nestas actividades. No caso de levarse a cabo as dúas, exames e traballos, a valoración será a media de ambas. Ao final esa nota será o 40% do resultado do trimestre.

A cualificación de cada trimestre na materia levarase a cabo do seguinte xeito:

- 40% da nota corresponde coa valoración obtida pola asistencia a clases
- 20% da nota corresponde coa valoración obtida nos exames prácticos da diferentes modalidades náuticas ou do traballo de guiado por rutas
- 40% da nota corresponde coa valoración obtida nos traballos e exames teóricos

A este respecto, compre subliñar que para poder facer media en cada unha das avaliacións será preciso que o alumnado acade un aprobado (5,0 puntos) como mínimo en cada un dos tres apartados, de non ser así non poderá aprobar.

A avaliación final da materia cumprirá tamén estas especificacións, e o cálculo da nota final virá determinado pola nota media de cada un dos apartados por separado, é dicir:

40% será a nota media das prácticas dos tres trimestres

20% será a nota media dos exames prácticos dos tres trimestres

40% será a nota media dos exames e traballos dos tres trimestres

Ao igual que no caso anterior, para poder facer media o alumnado deberá ter, como mínimo, un aprobados (5,0 puntos) en cada un dos apartados.

Tamén é preciso destacar que no caso de cualificacións con decimais, a nota subirá ao seguinte valor se os decimais son iguais ou superiores a 0,75. No caso contrario non subirán ao seguinte valor. Este criterio só será empregado nas cualificacións finais, nas parciais non se empregarán ningún tipo de aproximación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso do módulo que nos ocupa, a organización da materia está plantexada en dous niveis que se corresponden coas unidades didácticas e os trimestres do curso:

1. Iniciación ás actividades náuticas
2. Progresión en actividades náuticas

Esta distribución posibilita agrupar os contidos en progresión de dificultade de tal xeito que, na maioría dos bloques, a superación dun trimestre implica tamén a superación do anterior. Noutros casos, os bloques teñen un carácter terminal, e como non serán abordados posteriormente, será preciso recuperalos para poder acadar os obxectivos. Para estes casos, serán incorporadas partes extras nos exames teóricos e prácticos para que o alumnado teña a ocasión de amosar a súa competencia conceptual e procedimental.

Para permitir que o alumnado acade os criterios de aprendizaxe, organizarase trimestralmente alguna sesión de reforzo e recuperación, onde aqueles alumnos que o consideren poderan asistir voluntariamente. Estas sesións serán en horas de recreo, fóra do horario de clase ou en clases nas que a organización da materia o permita. Non teñen carácter vinculante, é dicir, o alumnado que asista non ten porqué superar a materia, nin o que non asista ten porqué non superala.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

No caso do alumnado que obteña perda de avaliación continua por ausencia ás clases, a cualificación da materia virá determinada unicamente por unhas probas finais. Nese caso a distribución das porcentaxes será a seguinte:

70% da nota corresponderá ao exame teórico. Será unha proba tipo test ou de respostas curtas, sobre contidos da materia traballados ao longo do curso durante as clases.

30% da nota corresponderá ao exame práctico. Será valorada con táboas de observación durante a celebración de probas prácticas de calquera das modalidades traballadas.

Ao igual que no caso da avaliación ordinaria, para poder facer media o alumnado deberá ter un mínimo dun aprobado (5 puntos) en cada un dos apartados, en caso de que isto non aconteza, non poderá aprobar.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación levarase a cabo cumprindo a orde de avaliación, que no seu artigo 23.5 sinala que "cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións". Ademais diso, a programación será revisada ao inicio de curso, e ao final do mesmo será elaborada unha memoria que faga constar esas posibles alteracións respecto do programado, e tamén as circunstancias que o motivaron.

Para o seguimento da programación, empregárase a aplicación informática corporativa na que foi elaborada, tendo en conta que permite facer modificacións, e deixar acceso á Xefatura do Departamento para que consulte e poida rexistrar a evolución nas actas correspondentes.

Tendo en conta que a programación é un documento vivo, susceptible de cambios e melloras a través da avaliación da práctica docente, consideramos que será preciso introducir as correccións ou modificacións oportunas no caso de ser detectadas, tanto se iso acontece durante o curso como en anos sucesivos.

A nivel práctico, algunhas das medidas que poden ser tomadas son as seguintes:

Avaluación das Unidades Didácticas

Problemática

Faltan sesións para completar os contidos da UD

Sobran sesións para completar os contidos da UD

Solución

Utilizar as sesións de axuste programadas

Adiantar o inicio doutra UD / Actividades de repaso

Avaluación das Actividades

Condições meteorolóxicas adversas	Aprazamento / permuta da actividade
Nivel de complexidade de tarefas demasiado alto / baixo	Substitución da tarefa / cambio de metodoloxía
Avaliación das calificacións	
Número de suspensos moi elevado	Rebaixar o nivel de complexidade de contidos / cambio de metodoloxía / cambio probas de avaliación
A final de curso, na memoria final, recolleranse todos estes datos, co fin de mellorar as intervencións futuras	

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A nosa proposta para realizar unha avaliación inicial do alumnado consta de dúas partes:

Por un lado levarase a cabo unha valoración do grao de interese e implicación do alumnado sobre os temas relativos ao módulo, así como as experiencias previas nas diferentes modalidades que se inclúen na programación. Esta valoración poderá ser realizada mediante enquisas, entrevistas ou xogos informáticos. Nesa mesma liña, poderemos indagar sobre os coñecementos previos deses mesmos contidos da materia. Este tipo de actividades serán levadas a cabo ao inicio do curso e tamén cada vez que iniciemos unha unidade didáctica.

Por outra banda, no comezo das clases, levarase a cabo unha valoración sinxela mediante unha táboa de observación do nivel de destreza inicial do alumnado nas habilidades máis básicas das diferentes modalidades, para así ter unha referencia sobre o nivel de partida do grupo e establecer os mínimos sobre os cales deseñar as sesións. De calquera xeito, debe quedar constancia de que, debido á grande cantidade de contidos do módulo, a súa especificidade e o número de horas dispoñibles para levalos a cabo, o obxectivo principal é que o alumnado teña a oportunidade de ter unha aproximación ás diferentes modalidades náuticas e, en ningún caso, pretendemos que se conviryan en expertos no manexo das embarcacións. Deste xeito, a observación inicial servirá para comparar o progreso, aínda que en ocasións non haberá tempo para poder percibir grandes diferenzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Queremos deixar constancia de que este é un módulo de carácter práctico nun ciclo formativo sobre actividades físicas que implican certo grao de risco en si mesmas, e que ademais o obxectivo das aprendizaxes está encamiñado ao labor de guía, o que implica grupos de persoas ao cargo. Con isto pretendemos que quede claro que para poder levar a cabo esa labor, o profesional debe ter a formación axeitada e acreditar dominio e competencia dos contidos, algo que quedará reflexado na superación dos resultados de aprendizaxe. Por iso consideramos que rebaixar ou suprimir criterios non podemos contemplalo como unha posibilidade. En calquera caso, o alumnado deberá acadar sempre os mínimos se quere superar o módulo.

De calquera xeito, existen varias situacións que nos podemos atopar, e estas serán as medidas a tomar en cada caso:

Alumnado con algún tipo de transtorno a nivel cognitivo (tipo TDAH): Trataremos de estruturar todas as actividades, proporcionar información de tipo visual, adiantar a información, simplificar as instrucións, manter as rutinas e establecer protocolos. Na realización das probas fixaremos as datas con antelación, realizaremos as probas tipo test e concederemos máis tempo, é dicir, seguiremos as indicacións marcadas nos protocolos educativos correspondentes.

Alumnado que presente un problema de carácter físico. Nese caso haberá varias situacións:

Limitación física de tipo temporal de curta duración. Se a lesión acontece durante o periodo de prácticas, simplemente o alumno non poderá realizar esas prácticas, mais non terá ningún outro tipo de complicación. Se acontece en periodo de exames prácticos, deberá agardar a estar recuperado para poder realízalos, ao igual que acontecería nun exame para obter o carné de conducir.

Limitación física de tipo temporal de longa duración. Nese caso haberá que estudar o caso polo miúdo, pois poden acontecer dúas cousas:

Que o alumno non poida facer o número mínimo de prácticas ordinarias do curso establecido no 50%. Ante esa situación, a efectos prácticos, a situación é a mesma que se o alumno perdera o dereito á avaliación continua, é dicir, deberá presentarse no exame final.

Que o alumno poida facer ou xa teña feito o número mínimo de prácticas ordinarias do curso establecido no 50% e a limitación non sexa total. Nese caso o alumno poderá asistir ás prácticas que lle resten, aínda que só sexa na embarcación de apoio, co fin de poder observar as actividades e a evolución dos seus compañeiros e así completar a súa formación.

Limitación física permanente. Nese caso, e atendendo as explicacións facilitadas na introducción deste apartado, só contemplamos unha situación: que a limitación non impida ao alumno adquirir as aprendizaxes e amosar a súa competencia. Nese caso non haberá ningún tipo de problema, do contrario non poderá acadar os mínimos exixibles.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores é un aspecto fundamental nun colectivo que se está formando para traballar directamente con persoas, especialmente se estas son escolares. Neste contexto a profesionalidade, o respecto, a confianza e a empatía deben ser premisas fundamentais de todo o seu traballo, polo que serán aspectos fundamentais a promover en todas as sesións.

Ao marxe desta actuacións, existen outros valores que debemos potenciar de cara á formación do alumnado, que aínda que traballalos de xeito específico pode resultar complicado, facelo no contexto do día a día, cando a situación sexa a propicia e as circunstancias o soliciten resulta moito máis práctico e significativo.

Así pois tentaremos poñer en valor aspectos relativos a temas transversais tales como a educación moral e cívica, a coeducación, a educación para a paz, a educación ambiental etc,.. e promover propostas para

traballalos e integralos nas actividades diarias e nas extraordinarias como excursións, prácticas co alumnado da ESO ou con compañeiros doutro curso, presentación de proxectos fóra do centro etc. De calquera xeito, e tendo en conta as características da titulación, o respecto e a promoción por todo tipo de actividades mediambientais será a principal liña de traballo ao longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Existe a posibilidade de plantexar unha actividade extracolar dentro deste módulo, consistente na realización dunha inmersión de dous ou tres días no Centro de Alto Rendemento de Vela de Galicia. Esta proposta permitiría ao alumnado convivir nas instalacións con competidores de alto nivel e con alumnos de ensinanzas de réxime especial do ciclo de "técnico de vela en aparello fixo e libre". Deste xeito, os alumnos e alumnas poderían probar embarcacións diferentes ás empregadas nas instalacións habituais, observar en directo o traballo e adestramento dos competidores e mellorar a súa formación xeral sobre a materia. De levarse a cabo, a mellor época sería a finais do segundo trimestre, pois así terían máis experiencia e formación previa, co cal poderían aproveitar mellor a actividade.

Tamén podemos incluír dentro deste bloque de actividades extraescolares, a posibilidade de complementar as actividades curriculares coa realización do Curso de licencia de navegación (LN), co cal, en 6 horas poden obter a titulación básica para o manexo de embarcacións a motor de ata 6 metros. Esta actividade está incluída tamén na programación de socorrismo, pois resulta unha formación interesante nos dous ámbitos. De levarse a cabo, sería tamén a finais do segundo trimestre e tería lugar en Baiona.